

B A N D O

D. JOSÉ LUIS GÓMEZ FONTENLA, ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE MORAÑA.

FAI SABER:

Que o Instituto de Maiores e Servizos Sociais, convoca a concesión de prazas para pensionistas que desexen participar no "**PROGRAMA DE TERMALISMO SOCIAL 2025**".

O desenvolvemento do Programa efectuarase entre o período comprendido entre os mes de febreiro e o mes de decembro de 2025, cunha duración de 10 días cada unha.

As **SOLICITUDES**, xunto coa **DOCUMENTACIÓN** correspondente, poderán presentalas nas oficinas municipais do Concello, antes das seguintes datas:

- Para as quendas dos **meses de febreiro a agosto: ATA O DÍA 09 DE XANEIRO DE 2025.**
- Para as quendas dos **meses de setembro a decembro: ATA O DÍA 15 DE MAIO DE 2025.**

Poderán participar no programa de Termalismo, as persoas que reúnan algún dos seguintes **REQUISITOS**:

- a. Ser pensionista de xubilación ou incapacidade permanente do Sistema da Seguridade Social español.
- b. Ser pensionista de viuvez con 55 ou mais anos de idade do sistema da Seguridade Social español.
- c. Ser pensionista por outros conceptos ou preceptor de prestacións ou subsidios por desemprego, con 60 ou máis anos de idade do Sistema de Seguridade Social español.
- d. Ser persoa asegurada ou beneficiaria do Sistema da Seguridade Social español, con 65 ou máis anos de idade.

Para mais información poden dirixirse ó Departamento de Servizos Sociais Comunitarios do Concello, nos días de atención ó público (luns, martes e xoves de 10 a 13 horas).

O que se fai público para xeral coñecemento.

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE.

